

día internacional da **NARRACIÓN ORAL**

20 de
marzo
2026

MANIFESTO POR CAMIÑO NOIA

Cando escoito contar algún dos contos tradicionais recollidos nas miñas antoloxías sinto unha inmensa emoción. Emocióname ver como vellos relatos da nosa tradición, e doutras tradicións do mundo, collen nova vida na voz e nos movementos corporais das nosas contacontos. escoitar un conto é máis emocionante que lelo nun libro. Fronte á letra morta, escrita nunha folla, na voz cálida e amorosa das avoas e das nais recibimos a palabra viva da nosa lingua.

Hoxe os contos non chegan só delas, pódense escoitar de mestras, contacontos profesionais e tamén das persoas que manteñen viva a palabra compartida. Algo esencial na educación da infancia. A comunicación oral foi o primeiro paso da humanidade e será sempre a rede que manteña vivas as sociedades. É a auténtica rede que fai comunidade.

Hoxe estamos usando e sendo usadas por outras redes sociais que informan e desinforman, facéndolle a competencia á conversa que une persoas e suscita afectos. A voz presencial é a mellor pantalla na que nenos e nenas escoiten os contos; contos transmitidos para entreter e para achegalos ós misterios da vida que só a poesía pode albiscar. De adultos lembráranos sempre con agarimo.

As máquinas poden ofrecernos miles e miles de audios e vídeos e cada ano con mellor tecnoloxía; pero nunca serán a voz amiga de quen narra, cantaruxa unha cantiga e conta un conto con emoción.

Con contos, música e risas constrúese o colectivo, refórzase a sociedade e o mundo resulta máis solidario. Deixando a transmisión de contos na voz e nos deseños dos trebellos informáticos, a comunicación queda reducida á tremoia de fondo.

Por iso no mundo actual son imprescindibles as persoas profesionais que contan historias, e no «Día Mundial da Narración Oral» debemos recordar a súa importancia. Un día de festa que hai que celebrar enchendo de contos os centros de ensino, os teatros, os auditorios e onde se poida.

Conmemorar esta data serve para revitalizar o que as nosas maiores transmitiron desde hai séculos de xeración en xeración, dar voz ó que non foi contado e recordarnos que todos os pobos do mundo comparten o vínculo universal nos mesmos contos, cos mesmos valores, sentimentos, medos e gozos.

Debemos facer desta celebración mundial o «Día Galego da Narración Oral» e darlle a relevancia que merece.

O «Día Mundial da Narración Oral» deste ano 2026 quero dedicarllelo ós homes e ás mulleres que contan contos en lingua galega, con inmenso agradecemento por continuar a tradición dos maiores.

E remato, convidándovos a todas e a todos a contar hoxe un conto, a darlle voz a este país que moitos pensan pequeno, mais, que é moi grande en historias.

